



PLANO DE ACCIÓN TITORIAL

FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

CURSO 2018-2019

Universidade da Coruña

Código Seguro De Verificación	sbcJm6OM2lw5mSnsbZYHbw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Luis Antonio Hernández Ibáñez	Asinado	17/06/2019 21:45:36
Observacións		Páxina	1/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/sbcJm6OM2lw5mSnsbZYHbw==		





1. Contextualización. Situación de partida.

A Facultade de Ciencias da Comunicación iniciou a implantación do Plano de Acción Titorial no curso 2007-2008 cos alumnos de terceiro e de cuarto curso da titulación en Comunicación Audiovisual, pois nese momento a oferta académica do centro era tamén de segundo ciclo.

No contexto actual, de implantación consolidada do Grao en Comunicación Audiovisual na Facultade, o Plano de Acción Titorial estase a aplicar nos estudos de Grao que comprenden, os catro cursos trala definitiva implantación do grao.

No presente curso 2018-2019 existen polo tanto 15 profesores titores implicados nas tarefas de titoría que están levando a cabo a súa labor cos alumnos de primeiro, de segundo, de terceiro e de cuarto curso de grao.

Estase a procurar que a tarefa do titor sexa continua e progresiva de maneira que os titores do pasado curso manteñan o mesmo grupo de alumnos titorados aos que se engaden os de nova entrada.

Isto permite que a confianza e o trato cultivado no curso anterior entre profesor e alumno, ás veces tan difícil de conseguir, non se perda, senón que se manteña ou incremente ao longo dun traballo titorial continuado.

Deste xeito, o alumno ten ubicado o contacto co seu profesor-titor, co que as canles de comunicación xa están abertas e xa son coñecidas polo alumnado e polo profesorado.

Código Seguro De Verificación	sbcJm6OM2lw5mSnsbZYHbw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Luis Antonio Hernández Ibáñez	Asinado	17/06/2019 21:45:36
Observacións		Páxina	2/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/sbcJm6OM2lw5mSnsbZYHbw==		





2.- Obxectivos.

O Plan de Acción Titorial plantéxase cos seguintes obxectivos de partida:

1. Titorizar a **traxectoria académica** do alumnado.
2. Proporcionar **información de utilidade** (orientar) ao alumnado:
 - Sobre o centro.
 - Sobre a titulación.
 - Sobre a Universidade.
 - Sobre as saídas profesionais dos estudos.
 - Sobre as necesidades formativas que os alumnos plantexen.
3. Facer máis próxima a **interacción profesor-alumno**, de maneira que se poidan detectar carencias ou melloras posibles para a titulación e para o centro.
4. **Animar a formación** do alumnado en áreas que lles poidan resultar de utilidade.
 - 4.1. A nivel transversal (técnicas de estudo, técnicas de relaxación, comunicación interpersoal, etc.)
 - 4.2. A nivel sectorial (especializada no eido da comunicación audiovisual).

3.- Modelo organizativo do Plano de Acción Titorial para o presente curso. Accións de difusión e implicación do Plano de Acción Titorial.

1. Os alumnos de primeiro curso son informados acerca da existencia e características do Plano de Acción Titorial na **primeira sesión, a de benvida**, na que se promove a súa incorporación á devandita actividade. Os resultados neste curso foron, como é habitual, moi positivos, dado que a práctica totalidade dos alumnos que asistiron a esta primeira xuntanza quixeron formar parte do plano de acción titorial do centro.
2. Posteriormente, os alumnos que non acudiron a este primeiro encontro solicitaron, asimesmo, a súa incorporación logrando unha implantación do **90%** no primeiro curso do grao en Comunicación Audiovisual.
3. Deste modo, os profesores titores manteñen unha primeira xuntanza con eles, na que aplican unha **primeira ficha de entrevista inicial para alumnos de novo ingreso deseñada ao efecto partindo da que está**

Código Seguro De Verificación	sbcJm6OM2lw5mSnsbZYHbw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Luis Antonio Hernández Ibáñez	Asinado	17/06/2019 21:45:36
Observacións		Páxina	3/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/sbcJm6OM2lw5mSnsbZYHbw==		





dispoñible na web. Dita ficha serve para coñecer o alumno, para que este coñeza as características do centro e para establecer as bases da futura relación entre o profesor titor e o alumno titorado.

4. O feito de dispor do **correo electrónico** dos alumnos facilita, como canle de comunicación máis directa, o encontro entre os profesores e os alumnos de maneira que, á marxe das convocatorias que realiza o titor, a iniciativa para o encontro e a conversa pode provir do alumnado.
5. Por outra banda, mantéñense asimesmo os **encontros co alumnado previo**, con quen a entrevista primeira é doutro tipo, pois as súas necesidades son tamén distintas.

Neste senso, procúrase coñecer a evolución do alumno, os seus resultados académicos e plantéxanse asimesmo **titorías temáticas** (especializadas en temas, como por exemplo, o das técnicas de estudo). O feito de aplicar titorías temáticas ten como vantaxe principal que permite centrar a atención nun asunto que lles resulta de utilidade.

Ademais da actividade da titoría, o Plano de Acción Titorial debería axudar a estimular a participación do alumnado no aproveitamento dos recursos do centro.

Neste senso, debemos destacar a posta en práctica dunha **sesión explicativa por parte da Dirección da Biblioteca** para os alumnos de primeiro de grao, para que coñezan mellor os recursos audiovisuais e electrónicos que teñen ao seu dispor no centro e para que saiban sacarlles o máximo proveito.

6. Como outro dos obxectivos do Plan, que se queren poñer en marcha está o de promover a **participación do estudantado en actividades relacionadas coa súa formación**. Esta estratexia tamén se está a poñer en marcha no presente curso a través da celebración de charlas e conferencias de profesionais do audiovisual que lles poden servir de guía. Para a formación en habilidades máis específicas fíxose asimesmo a promoción dos cursos do CUFIE para alumnado da UDC, a través do correo electrónico entre titor e alumnado.
7. Encontro con antigos alumnos. Mantemos o plan de acompañamento a ex alumnos ca planificación dunha sesión: **Post-CAV, e despois da facultade que?** Coa finalidade de que poidan aconsellar especialmente a alumnos dos últimos cursos e de que manteñan o vínculo co centro, máis alá de que xa remataran a súa formación.

Código Seguro De Verificación	sbcJm6OM2lw5mSnsbZYHbw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Luis Antonio Hernández Ibáñez	Asinado	17/06/2019 21:45:36
Observacións		Páxina	4/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/sbcJm6OM2lw5mSnsbZYHbw==		





4. Indicadores de avaliación

Cada titor leva constancia do alumnado que lle solicitou a titoría. Deste xeito, por exemplo, pode saberse a porcentaxe de alumnos que acudiron á xuntanza inicial co seu profesor-titor, no caso dos alumnos de novo ingreso.

O éxito dos cursos e charlas do audiovisual pode medirse no nivel de asistencia. Solicitarase ao servizo da biblioteca o número de alumnos do Grao en Comunicación Audiovisual asistentes ao curso.

A xornada Post-CAV medirá o grao de efectividade en función dos alumnos asistentes de calquera dos cursos do Grao en Comunicación Audiovisual.

5. Síntese de accións programadas

Accións programadas	Datas	Obxectivos	Destinatarios	Calendario	Indicadores de seguimento
Xornada de benvinda	Setembro	Informar sobre: Instalacións, horarios, Plano de Acción Titorial, programa de estudos, servizos udc	Alumnos primeiro grado	Setembro	Nº de alumnos que asiste (60)
Titorías	Todo o curso alomenos dúas: Inicio e final de curso	Atención persoalizada de titores	Alumnos de grado	Dende setembro a setembro	Nº de profesores que participan Nº de alumnos que se apuntan Porcentaxe de asistencia a titorías
Titorías mobilidade	Todo o curso	Atención persoalizada de titores	Alumnos doutros centros que asisten a materias de	Dende setembro a setembro	Nº de alumnos que participan e nº de entrevistas

Código Seguro De Verificación	sbcJm6OM2lw5mSnsbZYHbw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Luis Antonio Hernández Ibáñez	Asinado	17/06/2019 21:45:36	
Observacións		Páxina	5/6	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/sbcJm6OM2lw5mSnsbZYHbw==			



			grao		
Visitas a medios e conferencias profesionais	Todo o curso Outubre	Contacto dos alumnos cos entornos profesionais	Alumnos de grao	Dende setembro a setembro	Porcentaxe de alumnos que participan
Curso biblioteca	Outubro	Optimizar uso recursos biblioteca do centro	Alumnos de primeiro de grao	Outubro	% Participación alumnos de primeiro de grao (75%)
Sesión de orientación laboral e autoemprego	Xuño	Información sobre cómo montar propia empresa	Alumnos de último curso	Xuño	Porcentaxe de alumnos que asisten
Cursos de metodoloxías de estudo e outros cufie	Enviar aviso	Proporcionar recursos para afrontar os estudos na universidade	Alumnos grao	Dende novembro a maio	Porcentaxe de alumnos que asisten
Xornada antigos alumnos Comunicación [Post_CAV]	Maio	Coñecer traxectorias profesionais doutros egresados. Creación dunha rede de contactos	Alumnos grao	Maio	Porcentaxe de alumnos que asisten

Código Seguro De Verificación	sbcJm6OM2lw5mSnsbZYHbw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Luis Antonio Hernández Ibáñez	Asinado	17/06/2019 21:45:36
Observacións		Páxina	6/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/sbcJm6OM2lw5mSnsbZYHbw==		

